

facendo igualdade

Contidos de sensibilización en materia de igualdade laboral elaborados pola Dirección Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e dirixidos a todas as empresas galegas.

Os plans de igualdade



SABÍAS QUE...?

Todas as empresas de máis de 50 persoas traballadoras teñen que negociar elaborar, implantar e rexistrar o seu plan de igualdade.

PERO... QUE É UN PLAN DE IGUALDADE?

É unha serie de medidas (cos seus indicadores de avaliación) para implementar nas empresas tras a realización dunha diagnose de igualdade na que se evidencia a súa necesidade.

PARA QUE SE FAN?

Para identificar as discriminacións por razón de sexo e conseguir avanzar na igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes.

SOBRE QUE TRATAN OS PLANS DE IGUALDADE?

Analizan e propoñen solucións ás desigualdades por razón de sexo nas seguintes áreas, entre outras:

Proceso de selección e contratación	Clasificación profesional	Formación
Promoción profesional	Condições de traballo, incluída a auditoría salarial entre mulleres e homes	Exercicio corresponsable dos dereitos da vida persoal, familiar e laboral
Infrarrepresentación feminina	Retribucións	Prevenção do acoso sexual e por razón de sexo

TAMÉN...

Hai moitas empresas onde, ademais destas áreas, tratan outros temas como a violencia de xénero, a comunicación ou a responsabilidade social.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PROMOCIÓN DO
EMPREGO E IGUALDADE



igualdadegalicia



igualdadegalicia



igualdadegal

QUE FACEMOS AS PERSOAS TRABALLADORAS NOS PLANS DE IGUALDADE?

O cadro de persoal das empresas pode...



Participar directamente na elaboración da diagnose contestando a enquisa de igualdade que se realiza no marco do proxecto



Ter información das negociacións consultando a Comisión de Igualdade, en concreto a representación legal das persoas traballadoras



Ler o contido final do plan para coñecer en detalle as medidas propostas pola empresa



Solicitar formar parte dalgunha das actuacións recollidas, como, por exemplo, en temas de formación e sensibilización

COMO PODO CONSULTAR O PLAN DE IGUALDADE DA MIÑA EMPRESA?

Consulta directamente coa Comisión de Igualdade da túa empresa e revisa as canles internas de comunicación, por se tes algunha mensaxe ao respecto. Outra opción é consultar o Rexistro e Depósito de Convenios Colectivos, Acordos Colectivos de Traballo e Plans de Igualdade <https://expinterweb.mites.gob.es/regcon/index.htm>

E MÁIS!!!

Desde a Dirección Xeral de Relacións Laborais temos ao dispor das empresas materiais que lles axudan a elaborar os seus plans de igualdade como a **Guía de consulta Plans de Igualdade, Preguntas e respostas e a Guía para elaboración do plan de igualdade na empresa**, que podes descargar na sección de Recursos da nosa páxina web. Tamén ofrecemos formación ao respecto a través do Campus en liña.

Onde podo aprender máis sobre igualdade na empresa?



aigualdadelaboral.gal



igualdade-laboral.gal